



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e cinco de xuño de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Margarita Caldas Moreira, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Alicia Martínez González, M^a Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez, Javier Domínguez Lino, M^a Consuelo Besada Lores e Gregroio L. Agís Gómez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3829.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DE 28 DE MAIO DE 2013 E DE 11 DE XUÑO DE 2013.- Dáse conta á Corporación das actas anteriores do 28 de maio e do 11 de xuño de 2013 e non suscitándose reclamación ningunha ás actas anteriores estas quedan aprobadas polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3830.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- A Secretaria presente na sesión ponse en coñecemento dos asistentes, que non se incorporou ao expediente a certificación correspondente dos asuntos precedentes, pero que si se tramitaron, e que na vindeira sesión ordinaria que realice o Pleno darase conta do estado de execución de todos os asuntos pendentes.

A Corporación dáse por enterada.

3831.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A Corporación dáse por enterada.

3832.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA APROBACIÓN ADENDA NÚM. 1 AO CONVENIO SUBSCRITO POLOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, SANXENXO, POIO, MARÍN E VILABOIA E A "SOCIEDAD ESTATAL AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, SA" PARA O PROXECTO "NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E Á SÚA RÍA".- De conformidade co establecido no Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais sométese en primeiro lugar á consideración dos membros corporativos a inclusión do presente expediente na orde do día, por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha.

O Alcalde da conta da necesidade de adoptar de maneira urxente un acordo sobre a adenda remitida, de forma que se non se adopta decisión ningunha, convocará un pleno extraordinario

Sometido a votación ordinaria, préstase aprobación á referida inclusión por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) e 6 votos en contra (7 PP).

A continuación, toma a palabra a secretaria para dar conta aos asistentes dos distintos trámites realizados dende que o pleno deu a súa conformidade ao convenio. Comenta así que tras a realización dunha segunda licitación por ter sido declarada deserta a primeira, subscríbese operación financeira por parte de Acuanorte, agora Acuaes, que modifica as condicións reflectidas no convenio, motivo polo que se redacta a Adenda e se somete novamente ao parecer deste órgano colexiado.

Obra no expediente informe de intervención de 19 de xuño de 2013no que se analizan, entre outros extremos, as novas condicións aplicables.

Da conta igualmente da proposta realizada polo alcalde de 19 de xuño de 2013na que se propón:

"...Primeiro: prestar aprobación á Adenda nº 1 o convenio asinado con data 21 de decembro de 2012 entre os Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa Sociedade Estatal de Aguas de la Cuenca del Norte S.A. (na actualidade Sociedad Estatal de Aguas de las Cuencas de España S.A.) para a construción e explotación da actuación "Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría".

Segundo: modificar os compromisos económicos anteriormente asumidos e comprometerse a incluír, nos orzamentos do Concello de Poio para os anos sucesivos, as contías que corresponden a compoñente financeira das tarifas que figuran no anexo III da Adenda nº 1 (anos 2015 a 2030) e as contías que correspondente a compoñente fixa de tarifa que figuran no anexo IV da Adenda nº 1 (anos 2015 a 2060).

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura, en representación do Concello de Poio, da Adenda nº 1 o citado Convenio e trámites sucesivos no expediente.

Cuarto.- Comunicar a Sociedade Estatal Aguas de España S.A o presente acordo para o seu coñecemento e demais efectos que procedan..."

Abre o debate D. Xulio Barreiro quen comenta que como consecuencia das modificacións introducidas, a operación terá un período de vixencia de 15 anos en vez dos 25 anteriores, o que suporá unha variación na cuota anual de aproximadamente 90.000,00 euros, máis descende o importe a asumir polas inversións a realizar de 2 millóns a 800.000,00 euros.

O voceiro do grupo municipal do PP pregunta se supón un incremento da carga anual ao verse reducido o período de amortización.

D. Xulio Barreiro resposta que afirmativamente máis insiste que en todo caso se produce unha baixa respecto ás previsións iniciais.

D. Ángel Moldes pregunta se debe computar como deuda propia.

O Alcalde indícalle que dende intervención formulouse unha consulta que ata a data non obtivo resposta e engade que esa foi a práctica seguida noutros concellos como Ourense.

Respecto de tal incidencia, a resposta positiva que se lle deu a dito concello e a necesidade de autorización autonómica para a a asunción da nova operación financeira, D. Xulio Barreiro remítese ao informe de intervención no que se analiza xa esta posibilidade e as consecuencias que podería ter en función dos datos da última liquidación do exercicio 2012, así como a referencia a certa normativa europea que podería dar lugar a unha interpretación contraria para os efectos do cómputo do volume de endebedamento. Máis se finalmente debe terse en conta, o concello deberá asumir a súa aportación con cargo aos seus orzamentos, como no caso do Concello de Pontevedra.

O Alcalde engade que a obras xa está iniciadas e avanzadas.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, o pleno, por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e seis abstencións (7 grupo municipal PP), prestou aprobación á proposta da alcaldía adoptando o acordo seguinte:

Primeiro.- Prestar aprobación á Adenda nº 1 o convenio asinado con data 21 de decembro de 2012 entre os Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa Sociedade Estatal de Aguas de la Cuenca del Norte S.A. (na actualidade Sociedad Estatal de Aguas de las Cuencas de España S.A.) para a construción e explotación da actuación "Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría".

Segundo.- Modificar os compromisos económicos anteriormente asumidos e comprometerse a incluír, nos orzamentos do Concello de Poio para os anos sucesivos, as contías que corresponden a compoñente financeira das tarifas que figuran no anexo III da Adenda nº 1 (anos 2015 a 2030) e as contías que correspondente a compoñente fixa de tarifa que figuran no anexo IV da Adenda nº 1 (anos 2015 a 2060).

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura, en representación do Concello de Poio, da Adenda nº 1 o citado Convenio e trámites sucesivos no expediente.

Cuarto.- Comunicar a Sociedade Estatal Aguas de España S.A o presente acordo para o seu coñecemento e demais efectos que procedan.

Quinto.- Dar conta do presente acordo en cumprimento do establecido no artigo 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, á Comisión informativa de facenda, gobernación e contas na primeira sesión ordinaria que realice.

Neste momento entra no Salón de Sesións o Concelleiro D. Angel Moldes Martínez.

3833.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE DETERMINACIÓN DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO DUN CAMIÑO NO LUGAR DE LAMEIRIÑA EN RAXÓ.- De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, auséntase da sesión a Concelleira D^a. Consuelo Besada Lores.

Inicia o exame do presente punto da orde do día a secretaria dando

conta aos concelleiros presentes dos antecedentes e dos trámites desenvolvidos en execución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ordenando retrotraer as actuacións ao momento do inicio do expediente de investigación da natureza pública ou privada do camiño existente na Rúa Lameiriña, Raxó, para que se tramite conforme ao procedemento establecido no regulamento de bens das entidades locais.

Habendo incorrido en caducidade, a Xunta de Goberno Local abre de novo procedemento, dando conta ao indicado órgano xudicial. Relatase a continuación o contido das actuacións levadas a cabo, e unha vez rematada a fase de audiencia concedida aos interesados personados no procedemento, no que D^a Pilar Castro Balboa presenta escrito no que reitera que o tramo debe ser considerado como público e da conta das licenzas que se lle concederon polo concello, emítese informe de secretaría de 13 de xuño de 2013 no que se indica que pese a constancia do tramo no catastro, segue sen acreditarse no expediente a concorrencia dos restantes indicadores que se teñen fixado pola xurisprudencia para poder separar o ámbito dos camiños públicos das as servidumes e serventías, tal e como se reflectía nas consideracións realizadas no informe de 25 de febreiro de 2013 para chegar a tal xuízo.

Comenta así mesmo en relación ao informe emitido polo equipo redactor do PXOM e o derradeiro incorporado polo enxeñeiro municipal ao expediente que o tratamento que di instrumento urbanístico depara ao referido tramo en investigación non permite dirimir que teña sido tratado como camiño público e que tampouco era tratado como tal nas anteriores Normas Subsidiarias.

Como en expedientes anteriores xa elevados á consideración plenaria, lembra que se a corporación declarase público o tramo en discusión, a cuestión relativa a súa propiedade debe ser dirimida pola orde xurisdiccional civil.

Da conta igualmente da existencia dunha confusión no tratamento e adopción de ditame pola Comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión celebrada o 17 de xuño de 2013, no que se tratou o asunto como inicio de novo expediente.

Inicia o debate o concelleiro delegado de facenda e xustifica que o procedemento trae causa dun acordo adoptado no ano 2005 pola Xunta de Goberno Local en base ao informe pericial emitido por D. Justino Guerra Arroyo, e no que se acordou que o camiño era de natureza pública polo tramo que discorre entre muros. Nas escrituras achegadas polos particulares, en ocasións identifícaaas como camiño privado e noutras, o seu carácter é difuso.

Fai referencia a que existen actas municipais do ano 1926 nas que se reflecten que por parte de veciños que reclamaban que a fonte fose pública e do sometemento ao estudo da denominada Comisión de policía urbana e rural, acordándose posteriormente que se cedese, non se sabe moi ben se para construír unha arqueta en Espedregada, previo pago, máis se se pedía demasiado polos terreos procederíase a súa expropiación..

Non sei se hai máis datos sobre o que puido suceder, aínda que dita fonte utilizábase normalmente polos veciños.

Ante a pregunta que formula D^a Celeste Nieto sobre a existencia de fontes nos terreos en discusión, D. Xulio Barreiro resposta que está nunha das propiedades e que as fontes son públicas.

Toma a palabra o Alcalde para lembrar aos asistentes que do que se trata é de declarar exclusivamente se o tramo investigado é público ou non, sen que implique expropiación ningunha, así como da experiencia que xa posúe o concello nun anterior expediente de investigación no que se recorreu o acordo plenario e se deixou sen efecto polos tribunais.

Toma a palabra o concelleiro D. Gregorio Agís para manifestar que nos antecedentes do expediente obra unha sentenza referida a este camiño no que xa se entra no fondo, facendo indicacións sobre o seu posible carácter privado.

D. Juan-José Rodríguez Grandal, indica que se se declara que o camiño non é público, trasládase o litixio aos particulares.

D. Xulio Barreiro considera que é máis beneficioso para os intereses municipais declarar o camiño como público.

D. Ángel Moldes sinala que existirá conflito en ambos casos.

Toma a palabra Alicia Martínez e manifesta que en Raxó íbase ao manancial nos anos 60. Chamábanlle Espedregada aínda que está dentro dunha propiedade privada.

D. Xulio Barreiro reitera que os camiños de acceso a lavadoiros, muíños etc, son públicos e retoma os antecedentes de 1926.

D. Alberto Villaverde indica que o camiño deixouse de usar e existen máis exemplos no concello de similares características ao do presente expediente nos que o tramo entre muros é público e o restante, servidume. Describe un que hai cerca da súa casa, no que hai un tramo duns 20 metros de carácter público e despois é servidume.

O Alcalde lembra que no ano 2004 concedeuse unha licenza para abrir un portal, e ante a negativa de D. Jesús Outeda cando se adopta o acordo pola Xunta de Goberno Local en base o informe pericial. O concello xa adoptou dous acordos tratando o tramo como público. D. Jesús Outeda é propietario dos dous lados e polo medio transcorre o camiño de carro.

Toma a palabra D. Gregorio Agís que dí que o mellor é ler a sentenza á que fixo antes referencia e pasa a continuación a dar lectura parcial da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se fai referencia a informe de técnico municipal e a falta de signos dun uso público notorio, en función de servizos municipais ou de actuacións de de conservación ou reparación.

Iníciase a continuación o debate que conclúe o alcalde facendo proposta para que sexa declarado como camiño público, o tramo entre muros.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria por 8 votos a favor do BNG, 7 votos en contra (6 PP e 1 PSOE) e 1 abstención do PSOE e de conformidade co establecido no artigo 44 e ss do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar o tramo obxecto de investigación que discorre entre muros como camiño público de conformidade co establecido no art. 44 e ss do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

Segundo: Dar traslado do presente acordo Plenario á Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en execución da sentenza número 00866/2008.

Terceiro: Notificar este acordo aos interesados/as comunicándolles que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3834.- URBANISMO, EXPTE.: 52/12, SOLICITUDE DE J.R.C.S. PARA QUE SE RECTIFIQUE O ERRO MATERIAL QUE EXISTE NO GRAFITADO DO PXOM NUN TERREO EN PRIMEIRA TRAVESÍA LUBIÁNS, CAMPELO.- Abre este punto da orde do día a Secretaria dando conta aos asistentes dos antecedentes obrantes no

expediente 52/12 tramitado polo Departamento de Urbanismo que deu lugar acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 10388 de 2 de xullo de 2012 polo que de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 26 de xullo de 2012 e informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente acordábase que non procedía a aplicación desta finalidade prevista na ordenanza 6 do PXOM solicitada por D. J.R.C.P en relación a terreo sito en 1ª travesía Lubiáns-Campelo.

Con data 30 de agosto de 2012 preséntase por parte do interesado escrito polo que insta ao Concello que se rectifique o erro material que existe no grafitado do PXOM para que se reflita no mesmo o camiño público ao que da fronte a parcela da súa propiedade.

Non obstante dito escrito foi tramitado como recurso contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local e así tras a emisión de informe polo Enxeñeiro Municipal e pola Secretaria do Concello emítese no ditame pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 17 de xaneiro de 2013 polo que a partir dos referidos informes ditaminábase desfavorablemente o recurso presentado máis a secretaria presente na sesión descúlpase pola demora da tramitación do presente expediente e comenta aos asistentes que mais que un recurso trátase dunha solicitude de rectificación de erros que afectando ao PXOM debería de ser resolto polo Pleno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que na zona afectada existe un camiño asfaltado e que a solicitude presentada pode dar solución ao problema dunha familia é positivo para o Concello.

Intervén Xulio Barreiro e sinala que existe outra parcela cuxa titularidade discutida que os interesados din que é súa estando en investigación no catastro engadindo ademais que ditos terreos non os vai reclamar ninguén.

Dª. Celeste Nieto pregunta se o camiño conta cos servizos municipais.

O Alcalde resposta que cando menos ata o número 8, hai unha persoa que solicita a excepcionalidade prevista no PXOM. Opta para resolver o seu problema pola rectificación de erros e os técnicos a través dos seus informes manifestan que non existen indicios de que o camiño chegue ata o punto discutido mais na súa opinión debería de instarse a tramitación do erro.

A continuación D. Alberto Villaverde Méndez toma a palabra por canto sendo veciño da zona ten coñecemento da tramitación do expediente polo catastro inmobiliario e salvo erro involuntario pensa que xa se ten resolto.

O Sr. Alcalde, en atención ao manifestado polo Sr. Villaverde Méndez insta a que de conformidade co disposto no artigo 92 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a que o expediente quede sobre a mesa para os efectos de aprazar a discusión unha vez sexa incorporada ao expediente a documentación catastral discutida, non existindo oposición ningunha o Pleno por unanimidade de asistentes prestou aprobación a solicitude formulada pola Alcaldía.

3835.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG, PSOE E PP SOBRE RECLAMACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA A PERSOAS QUE PERCIBEN PENSIÓNS DE PAÍSES ESTRANXEIROS.- Dáse conta á corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2013 e que di textualmente: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG, PSOE e PP de data 14 de xuño de 2013 que solicitan do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: "Nas últimas semanas, os galegos e as galegas que traballaron no estranxeiro e perciben pensións, recibiron requirimentos da Axencia Tributaria para acreditar o importe destas correspondente ao ano 2008, co obxecto de regularizaren ou formularen unha declaración complementaria do IRPF daquel ano.

A pesar do tempo transcorrido, estas persoas nunca foron informadas das obrigación de tributar pola percepción de pensións do estranxeiro.

Por outra parte, os países pagadores destas pensións nunca expediron certificacións para acreditar os importes recibidos por estas persoas, para alén de ser unha medida repentina e inesperada que colleu de sorpresa ás persoas afectadas.

Tampouco podemos obviar que, no caso de existir algún tipo de obriga para tributar por estas pensións, a Axencia Tributaria deixase transcorrer tantos anos sen informar nin advertir as persoas afectadas de calquera obriga tributaria co Estado.

Por todo o exposto, o grupos municipais do BNG, do PSOE e do PP solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar da AEAT que se exima dos expedientes sancionadores ás persoas afectadas".

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2013 o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar da AEAT que se exima dos expedientes sancionadores ás persoas afectadas.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se presentan.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- No punto de Rogos e preguntas a Secretaria solicita o uso da palabra ao Sr. Alcalde para dar conta que o 16 de abril de 2013 presentouse unha pregunta polo voceiro do Grupo Municipal Popular en relación se tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o documento do PXOM para informe previo á aprobación inicial do PXOM elaborado pola empresa redactora, o cal debe ser enviado á Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, desta forma a secretaria resposta aos asistentes que de conformidade coa normativa sobre réxime local os rogos e preguntas deben dirixirse ao equipo de goberno. Non obstante explica aos asistentes que non pode dicirse que

exista unha única documentación por canto, dende que, se inicia a redacción tras a adxudicación do contrato teñen entrada en vigor distintas reformas lexislativas que teñen alterado o contido da documentación presentada e os trámites a desenvolver.

Así mesmo, debe terse en conta que respecto da documentación obrante no expediente se teñen solicitados distintos informes sectoriais e se solicitou da empresa que facilitara un texto no que se refunda o contido das distintas modificacións que se teñen operado no conxunto que conforma a documentación para os efectos de emitir os informes aos que se refire o artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Engade ademais que existe documentación que se lle ten solicitada a empresa en función dos requirimentos practicados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Urbanismo, en relación á subvención outorgada para a tramitación do expediente (formato arquivos).

D. Angel Moldes, voceiro do Grupo Municipal Popular pregunta se a documentación é simplemente é un traballo preliminar.

D. Xulio Barreiro, Concelleiro Delegado de Urbanismo, respóndelle que por parte do equipo redactor entregouse a documentación pero as directrices de ordenación do territorio e outras normas posteriores incidiron sobre a mesma modificándoa e sinala que se teñen realizado os trámites previstos na normativa que corresponden á Consellería de Medio Ambiente para a avaliación ambiental do Plan. Solicitáronse informes sectoriais e espera que antes de que remate o ano se poda contar co informe previo da Xunta de Galicia. D. Ángel Moldes pregunta se o documento remitido pode ser considerado como preliminar.

Xulio Barreiro reitera que a documentación ten sufrido distintos cambios por culpa das modificacións lexislativas.

D. Ángel Moldes pregunta se reflicte a intención do equipo de goberno.

O concelleiro delegado de urbanismo respóndelle que si e pon varios exemplos en relación ao solo urbanizable e Costas. Engade que a normativa urbanística non deixa marxe para a discrecionalidade do tratamento do solo urbano ou solo de núcleo rural, e respecto do solo urbanizable de conformidade coa lei as bolsas previstas na documentación están pensadas para enlazar crecementos urbanos. O mesmo acontece con outros aspectos como poidan ser os estándares urbanísticos que xa veñen definidos na propia norma polo que, en xeral, a marxe de actuación do concello na planificación é moi limitada.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.